



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

### BANDO

**D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO,  
ALCALDE DO CONCELLO DE ORDES**

### FAI SABER

Con motivo da celebración das **cacharelas da noite de San Xoán e San Pedro**, as persoas, asociacións ou entidades organizadoras poderán presentar a **solicitude para a realización das cacharelas**:

- Por INTERNET  cubrindo o seguinte formulario: <https://forms.gle/f4SKoZz6Gp46fNkZ8> e recibirán, en caso positivo, a autorización no correo indicado na solicitude.
- No **Rexistro Xeral do Concello** cubrindo a correspondente **comunicación previa, ou solicitude de autorización no caso dos lugares nomeados no punto 1 do parágrafo a).**

### NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE CACHARELAS

#### SITUACIÓN

##### **a) Dominio público:**

1. **Locais sociais, prazas, parques e xardíns municipais (así como calquera outro ben de dominio público de carácter especial):** deberán contar coa previa autorización municipal.
2. **Vías públicas pavimentadas e beirarrúas:** deberá protexerse o pavimento cunha chapa metálica sobre a que se colocará unha capa de area de 10,00 cm. O Concello procederá a facilitar area a todas aquelas persoas que o soliciten así como á súa retirada.
3. **Vías públicas non pavimentadas:** autorízase a súa realización.

Os organizadores da cacharela serán os responsables dos danos que se puidesen producir no dominio público e deberán proceder, no seu caso, ao aboamento dos gastos de reconstrución e reparación ocasionados pola realización da cacharela.

##### **b) Propiedade privada:**

Deberán contar coa **autorización previa da persoa propietaria dos terreos**, tendo en conta que o Concello non asumirá ningunha responsabilidade en caso de que a queima se realice sen obterse.

#### NORMAS DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE

As cacharelas deberán cumprir as seguintes normas de seguridade e salubridade, para evitar situacións de perigo e danos ás persoas participantes e bens situados nas proximidades:

- O volume combustible da cacharela non excederá os 8,00 m de perímetro nin os 3,00 m de altura.
- A separación da cacharela dos edificios e árbores será como mínimo de 8,00 m.
- A cacharela non poderá situarse baixo o tendido eléctrico nin telefónico.
- Está prohibida a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites ou calquera outro produto que conteña líquidos inflamables, gases a presión ou que ao arder poida desprender fume tóxico.
- Ao remate da celebración comprobarase que as cinsas da cacharela quedan totalmente apagadas.
- Procederese a deixar a zona limpa, libre de todo tipo de lixo e restos da celebración, agás a area subministrada polo concello, nun prazo máximo de 24 horas.

**A POLICÍA LOCAL e/ou a GARDA CIVIL vixiarán o cumprimento das normas anteriores formulando a correspondente denuncia no caso de incumprimento, que dará lugar á iniciación do correspondente procedemento sancionador, así como á esixencia de indemnización dos danos e prexuízos que se causen no dominio público local.**

Ordes, data da sinatura dixital

O alcalde  
Asinado

